



É TEMPO DE ENTROIDO!

CHEGOU O ENTROIDO CON FORZA Á NOSA ESCOLA!! LEVAMOS TEMPO ESPERANDO ESTA DATA, E DURANTE ESTE CURSO RETOMAMOS O TRABALLO DO ANO PASADO SEGUINDO A INVESTIGAR OS PERSOEIROS DOS ENTROIDOS TRADICIONAIS DE GALIZA.

RECIBIMOS UNHA CAIXA CON ELEMENTOS DE DISFRACE QUE NOS IA DANDO PISTAS SOBRE O QUE IAMOS TRABALLAR (LIBROS DE ENTROIDO, CHOCAS, IMAXES RELACIONADAS)...



GOZAMOS DUNHA SORPRESA EN FORMA DE **INSTALACIÓN LÚDICA USANDO OBTectos DE ENTROIDO** E A TRAVÉS DA CAL, COMO EN TODAS AS INSTALACIÓNs, OFRECEMOS UN ESPAZO E UNS MATERIAIS COS QUE OS NENOS E NENAS PUIDERON CREAR NUMEROSAS POSIBILIDADES DE XOGO ESPONTÁNEO.



COÑECEMOS DIFERENTES PERSONAXES DO ENTROIDO GALEGO E LEMBRAMOS OUTROS QUE COÑECIAMOS: OS PELIQUEIROS DE LAZA; AS PANTALLAS DE XINZO; OS BOTEIROS DE VIANA E OS XENERAIS DO ULLA...

APROVEITAMOS PARA TRABALLAR CONTIDOS CURRICULARES A TRAVÉS DE DIFERENTES PROPOSTAS DE APRENDIZAXE BASEADAS NESTES PERSOEIROS E NOUTROS ASPECTOS DO ENTROIDO.



TRABALLAMOS A ATENCIÓN E O EMPARELLAMENTO COS PERSOEIROS DO ENTROIDO



IDENTIFICAMOS LETRAS E REPRODUCIMOS OS NOMES DOS PERSOEIROS



PRACTICAMOS A MOTRICIDADE FINA



FACEMOS ORDENACIÓNS DE LONXITUDE COS VOLANTES



BUSCAMOS E ANOTAMOS OS INGREDIENTES DAS FILLOAS



TAMÉN DECÓRAMONOS E DISFRAZÁMONOS A NÓS MESMOS CON DIFERENTES TÉCNICAS PLÁSTICAS E MATERIAIS.



NA INVESTIGACIÓN SOBRE OS PERSOEIROS DOS ENTROIDOS GALEGOS, ESTE ANO CENTRÁMONOS MÁIS NA FIGURA DO PELIQUEIRO, XA QUE FOI O NOSO DISFRACE PARA O DÍA DO DESFILE.

VIMOS A SÚA VESTIMENTA E COMO SE MOVEN, E O PLASMAMOS A TRAVÉS DE DEBUXOS.



COMEZAMOS COA ELABORACIÓN DO NOSO DISFRACE DE PELIQUEIRO, COUSA IMPENSABLE SEN A COLABORACIÓN DAS FAMILIAS QUE, ADEMAIS DE ADICAR TEMPO NAS SÚAS CASAS, VIÑERON COMPARTIR CON NÓS UN TALLER DE COSTURA.



TAMÉN NA ESCOLA ELABORAMOS OUTRAS PARTES DO DISFRACE COMO OS GORROS E OS CINTOS DE PELIQUEIROS, TRABALLANDO AS SÚAS PARTES E ELEMENTOS.



ESCOLLEMOS E PINTAMOS OS ANIMAIIS QUE DECORAN OS GORROS



DECORAMOS A "PELICA"



PEGAMOS OS ANIMAIIS NO NOSO GORRO



ENFIAMOS OS AXOUXERES E OS METEMOS NOS LAZOS



PREPARAMOS O CARTEL PARA O DESFILE: POÑEMOS O NOME, DECORAMOS COS DEBUXOS DE PELIQUEIROS, PEGÁMOSLLE AXOUXERES...



XA NA PROPIA SEMANA DO ENTROIDO, PASÁMOLO MOI BEN SEGUINDO OS MANDATOS FESTEIROS DE RABUÑOSO E ACUDIR Á ESCOLA ADOBIADOS CON ENTROIDADAS.



E, POR FIN, ESTE ANO PUIDEMOS SAÍR LUCIR O NOSO DISFRACE DE PELIQUEIROS, XUNTO COAS OUTRAS ESCOLAS DO CRA, A CATIVADA DA ESCOLA INFANTIL DE 0 A 3 ANOS, E OS COMPAÑEIRO E COMPAÑEIRAS DO CPI, ASÍ COMO COAS FAMILIAS QUE PUIDERON ACOMPAÑARNOS NESTA XORNADA TAN EMOCIONANTE.

XUNTÁMONOS TODOS OS NENOS DO CRA DE MEIS NA ESCOLA DE SAN TOMÉ, E ANTES DE PREPARARNOS PARA O DESFILE DISFRUTAMOS DE CANCIÓNS, DANZAS DE ENTROIDO E ATA UNHA VISITA INESPERADA!





MERENDAMOS TODOS XUNTOS, NENOS E FAMILIAS GRAZAS ÓS DOCES DE ENTROIDO QUE TROUXERON AS FAMILIAS.

DEPOIS PREPARÁMONOS PARA O NOSO GRAN DESFILE. VESTIMOS OS TRAXES DE PELIQUEIROS, PUXEMOS CINTOS E GORROS, COLOCAMOS AS GARABATAS E QUE NON FALTA A MAQUILLAXE!



XA PREPARADOS, PUXEMOS RUMBO Ó CPI E UNHA VEZ ALÍ, COMEZAMOS O DESFILE POR MOSTEIRO.



